

IV XUNTANZA DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

2014

5, 6, 7
SETEMBRO
Punta Moreiras,
O Grove

IV XUNTANZA DE EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS

II FESTA DA SALGA

Programa de actividades

VENRES 5 DE SETEMBRO

A partir das **18 horas** comeza a chegada a **Punta Moreiras** de tripulantes e embarcacións. As que cheguen por terra serán postas no mar no **Porto de Meloxo**.

20:00 h Estiba de sardiñas nos tabais e prensado na salgadeira do **Museo da Salga** seguindo os antigos métodos de conservación polo procedemento do salgado. As sardiñas poranse previamente en salmoira na chanca da salgadeira o **xoves 21 de agosto ás 19 horas**, nun acto aberto ó público que desenvolverán algúns veciños que traballaron nas últimas salgadeiras.

21:00 h Cea das tripulacións nas instalacións do **Museo da Salga**.

SÁBADO 6 DE SETEMBRO

10:00 h Acto de apertura da IV Xuntanza no **Museo da Salga**. Benvida ás tripulacións.

10:30 h Visita guiada para o público e as tripulacións polo **Espazo Museístico Salgadeiras de Moreiras**.

11:30 h Navegación das embarcacións tradicionais na contorna de **Punta Moreiras** e **O Porto de Meloxo**.

13:30 h Retirada das sardiñas dos tabais e lavado e desalgado para o seu consumo ó día seguinte.

14:00 h Xantar das tripulacións nas instalacións do **Museo da Salga**.

16:00 h Navegación das embarcacións tradicionais na contorna de **Punta Moreiras** e **O Porto de Meloxo**.

18:30 h Largada do boliche (antiga arte de pesca de arrastre) desde a **praia das Pipas** (a carón do cámping de **Punta Moreiras**) coa participación das embarcacións tradicionais e do público.

21:30 h Cea das tripulacións nas instalacións do **Museo da Salga**.

Despois da cea haberá actuacións musicais para o público e as tripulacións nas instalacións do **Museo da Salga**.

DOMINGO 7 DE SETEMBRO

10:30 h Charla no **Museo da Salga** sobre a salgadura no Salnés a cargo de José Luis Escalante.

11:30 h Navegación das embarcacións tradicionais na contorna de **Punta Moreiras** e **O Porto de Meloxo**.

13:00 h Acto de peche da **IV Xuntanza no Museo da Salga**.

14:00 h Xantar de despedida das tripulacións e degustación das sardiñas curadas na salgadeira do propio Museo.